



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MESÍA

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza reguladora do prezo público polos servizos de podoloxía e fisioterapia

O Pleno do concello, en sesión de 4 de abril de 2025, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora do prezo público polos servizos de podoloxía e fisioterapia do concello de Mesía, someténdose o antedito acordo a información pública polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncio publicado no BOP nº 70, de 11 de abril de 2025, sen que houbera reclamacións ou suxestións, polo que o acordo se entende aprobado definitivamente.

De conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, publícase o texto íntegro da modificación, ós efectos da súa entrada en vigor.

“3.- OBRIGADOS O PAGO:

Colectivo de persoas beneficiarias dos servizos con dificultades de autonomía para o desenvolvemento de actividades básicas da vida diaria ou persoas maiores en estado de vulnerabilidade de perda de autonomía.

Son requisitos para ser beneficiario do servizo:

-Estar empadroado no Concello.

-Haber residido cinco anos en territorio español e os dous últimos inmediatamente anteriores a data de solicitude, de acordo co establecido no artigo 5 da Lei 39/2006 de 14 de decembro de Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. E reunir unha das seguintes condicións:

-Ter máis de 65 anos

-Ter unha minusvalía superior ó 33% ou incapacidade permanente no grao de total ou absoluta.

- Ter acreditado un grao de dependencia (I, II ou III).

4.- XESTIÓN E TRAMITACIÓN:

A entidade local a través do Departamento de Servizos Sociais, asume a responsabilidade de planificación, control e xestión do servizo.

Os usuarios deste servizo deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello a correspondente solicitude acompañada da seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI.

-Certificado de empadramento e convivencia.

-Calquera outro tipo de documento que se considere necesario para a xustificación da situación.

-Informe médico do servizo público de saúde no que se acredite a necesidade ou conveniencia de recibir este tratamento como medida preventiva, rehabilitadora ou de mantemento.

-Certificado de valoración de dependencia, se é o caso.

-Certificado de minusvalía, ou xustificante de invalidez absoluta ou gran invalidez, se é o caso.

Non será preciso presentar aquela documentación que xa se atope nas bases de datos municipais ou no expediente de Servizos Sociais, previa autorización da súa consulta.

Se as solicitudes non reunisen os requisitos establecidos, o Concello, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requirirá ó interesado para que no prazo de dez días emende os erros detectados con indicación de que se así non o fixese terase por desistida a súa petición, e archivarase sen máis trámites.

Todas as solicitudes serán tramitadas e, de non poder asumirse todas, serán incluídas na lista de espera, ou para o cubrir as prazas vacantes.

5.- CRITERIOS PARA SER BENEFICIARIO DOS SERVIZOS DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA:

A necesidade estimarase en función de:

5.1.- A necesidade do tratamento de fisioterapia ou podoloxía que se acreditará mediante informe médico do servizo público de saúde.

5.2.- O nivel e grao de dependencia ou minusvalía.

Excepcionalmente poderán ser beneficiarias todas aquelas persoas que acrediten a necesidade deste servizo, aínda sen reunir o resto de requisitos, sempre condicionado á dispoñibilidade horaria da prestación do mesmo.

6.- CONTÍA E PAGO:

O custo dos servizos queda establecido en:

- 10 € a sesión de 30 minutos para fisioterapia.

- 8 € a sesión de 30 minutos para podoloxía. No caso de persoas dependentes que non poidan desprazarse contéplase a posibilidade de facer o servizo no domicilio, con un custe de 10 € sesión.

Forma de pago: O pagamento pola prestación do servizo realizarase mediante autoliquidación no número de conta do Concello designada para tal efecto, sendo causa de extinción do servizo a falta de pago e a non asistencia non xustificada, e non procedendo neste caso a devolución do importe.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza, aprobada inicialmente en sesión plenaria de data 3 de febreiro de 2012, e da que a derradeira modificación aprobouse inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 4 de abril de 2025, entrará en vigor coa súa nova redacción unha vez publicado o texto íntegro desta no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local."

En Mesía, 30 de maio de 2025.

Asdo./Mariano Iglesias Castro. Alcalde.

2025/3538